

Área de Igualdade da Deputación Provincial

“8M, Mes a Mes”

Neste mes de Xuño, a Área de Igualdade da Deputación Provincial, en continuación co programa “8M, Mes a Mes”, queremos destacar a importancia do asociacionismo entre mulleres, especialmente, nas zonas rurais. Por iso, queremos adicarlle este mes á asociación de “Mulleres rurais de Arnuide”, de Vilar de Barrio, baixo o lema: “Mulleres que falan, legados que viven”

A asociación de mulleres de Arnuide ten unha antigüidade de dous anos, nos que leva realizado dúas andainas. Ademais de dous homenaxes aos seus maiores, mediante unha comida acompañada de música tradicional. Nesta xúntanse un gran número de maiores da contorna para compartir vivenzas e facerse compañía mutua. Unha gran labor para as persoas de máis idade que viven en zonas rurais onde pode chegar a ser complicado a xuntanza veciñal.

O Órgano Directivo da asociación deixanos claro o seu interese por promover as xuntanzas veciñais e restaurar patrimonio cultural do pobo. “ O noso interese é manter e recuperar a nosa cultura e tradicións, por iso, acabamos de solicitar unha subvención para rehabilitar o noso forno centenario e realizar demáis proxectos que temos en mente para dar vida ao noso pobo.”

A Deputada de Igualdade, Teresa Barge, adicoulles unhas palabras a este grupo “No corazón da nosa terra, alí onde a memoria se garda nas corredeiras e nos muros centenarios, erguédesvos vós, mulleres valentes do rural. Sodes o latexo vivo que se nega a deixar morrer o noso legado, a forza silenciosa que, pedra a pedra, devolve a alma ao noso patrimonio.” Ademais, asistiu a última “Xornada dos nosos maiores de Arnuide”.

Contacto: 678 50 61 07 (Corona Gómez Casado) - mulleresruraisarnuide@gmail.com







#igualOU